

A liquidación: consellos prácticos

A liquidación é o documento que recibe o traballador ao finalizar ou suspender a relación laboral, calquera que sexa o seu motivo, mediante o cal sáldanse as retribucións salariais entre o traballador e a empresa.

O asinamento da liquidación é o habitual na extinción ou suspensión dos contratos de traballo.

Se o traballador non o verificou antes, non está de acordo ou non está conforme coa cantidade establecida na liquidación, pode asinalo co engadido "Recibido, non conforme", que o faculta para posteriores reclamacións.

De se asinar a liquidación, esta terá unha grande importancia como documento probatorio, xa que demostraría a fin das obrigas entre o banco e o traballador.

O traballador, no momento de asinar a liquidación, ten dereito a requirir a presenza dun membro do Comité de Empresa ou dun delegado de persoal, estando obrigada a empresa a permitir a presenza do representante. En caso contrario, pódese facer constar tal circunstancia na propia liquidación.

Dada a importancia da liquidación, debe existir plena constancia e conciencia do que se asina, para non ter sorpresas a posteriori. Polo tanto, é moi importante asinar unicamente a liquidación no suposto de estar

completamente seguro e conforme co que se asina, desconfiando das promesas de pagamento futuro, é dicir, aquelas nas que a empresa prometa aboar unha cantidade de diñeiro con posterioridade ao asinamento da liquidación.

A liquidación, que en Banco Sabadell se aboa a final de mes, inclúe:

- O salario proporcional aos días traballados no mes en que cesa a relación laboral.
- As vacacións non gozadas, proporcionais aos días traballados durante o ano en curso.
- A parte proporcional das pagas extraordinarias segundo os días traballados durante o ano.

Setembro de 2009

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación	Enviar a ►	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo			
		DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lopd@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.